

NA FLOTILLA NAVEGAMOS TODAS, POLA PALESTINA:

Na Flotilla Global Sumud navegamos todas. Nas dúcias de barcos que a compoñen hai tripulación de 48 países de todo o mundo, mais tamén, xunto a elas, viaxan os nosos corazóns, a nosa solidariedade, o noso amor e a nosa rabia para deter este exterminio nauseabundo e poder aliviar o sufrimento das nosas irmás e irmáns do pobo palestino.

Onte, día 1 de Outubro a Flotilla Global Sumud foi interceptada, de xeito violento, por barcos das forzas sionistas de Israel en augas internacionais a menos de 100 millas náuticas da costa de Gaza. A operación militar, de abordaxe das embarcacións e secuestro das tripulacións, realizada de noite, viola o dereito internacional e marítimo e provocou un grave perigo para a seguridade das nosas compañeiras e compañeiros que navegan nos barcos. Esta operación militar contra poboación civil internacional en misión humanitaria de paz foi un acto abusivo, arbitrario, ilegal e terrorista, perpetrado por un rexime xenocida.

Foron varios os intentos de sabotaxe ás embarcacións durante toda a travesía, coa intención de atemorizar ás persoas participantes, intentos de queimar as embarcacións con artefactos incendiarios en augas da Tunisia, bombas sónicas, voadura de mastros de veleiros, ataques con acedo e interferencia nas comunicacións, en augas gregas, acoso con barcos de guerra e abarloo a algúns veleiros, chegando a Gaza, ademais de estar, a Flotilla, sometida a vixilancia constante por medio de drones en augas xurisdicionais de diferentes países, incluso do Estado español. Tamén se intentou criminalizar esta acción, definíndoa como iniciativa jihadista.

A situación que está a sufrir o pobo palestino da Faixa de Gaza é un auténtico horror. O rexime xenocida de Israel está asasinando a poboación de Gaza de todas as formas posíbeis; a maioría das asasinadas son poboación civil, mulleres, homes, crianzas, vellas e novas. Centros de saúde, escolas, campos de refuxiadas e tendas de campaña están sendo bombardeadas. Están levando a cabo un masacre planificado para exterminar a poboación palestina de Gaza.

Israel, como forza ocupante, ten a obriga internacional de garantir que a poboación civil de Gaza teña acceso seguro e suficiente a alimentos, auga, menciñas e outras subministracións indispensábeis para a súa supervivencia. Pola contra está impedindo de xeito sistemático e deliberado a provisión de asistencia humanitaria imprescindible para una poboación civil que a necesita con urxencia. Gaza leva 18 anos cun bloqueo ilegal e asfixiante, onde é restrinxida a entrada de alimentos, auga, menciñas, combustíbel e electricidade, que nos últimos dous anos é absoluto.

Os Estados occidentais, os da maioría de países árabes e os doutras partes do mundo, miran para outro lado cunha actitude vergoñenta de connivencia, complicidade e silencio, entremetres este rexime asasino de Israel, viola todos os tratados internacionais sobre dereitos humanos, o Dereito Internacional, o Derecho Internacional Humanitario e os propósitos e principios da Carta de Nacións Unidas. O que outorga, a estes psicópatas sanguinarios, inmunidade total para exercer o seu sadismo atroz sobre a poboación de Gaza.

A interceptación por Israel da Flotilla Global Sumud visibiliza ante o mundo esta impunidade da que goza este rexime desde hai décadas, pola inacción da comunidade internacional.

Ante esta inacción e complicidade dos gobernos é a poboación civil internacional a que toma a iniciativa e se organiza, con escasos medios mais con fortes conviccións, sacando tempo de onde pode, e freta dúcias de embarcacións precarias para poder chegar até Gaza en misión humanitaria, cargadas de subministracións básicas, portando víveres e menciñas, mais sobre todo esperanza e solidariedade. Nestas embarcacións navega unha valente tripulación que asume grandes riscos para rachar o bloqueio e parar este bestial xenocidio. É a xente do pobo quen se move para axudar a un pobo irmán que está sofrendo o incomprensíbel e salvaxe masacre do sionismo. A solidariedade do pobo galego tamén navega cara Gaza coas nosas representantes na Flotilla, a activista Sandra

Garrido e o patrón Manu Lopez. Esta Flotilla, xunto con todas as persoas solidarias dos distintos pobos do mundo, estamos formando unha irmandade, cada vez mais grande e poderosa, de solidariedade coa poboación palestina.

Non tería sido preciso que as nosas compañeiras que navegan nos barcos corran estes riscos se os Estados houberan convertido a súa retórica, baleira de contido, en medidas enérxicas para forzar a entrada de axuda humanitaria en Gaza.

Desde a Galiza solidarizámonos coas nosas irmás e irmáns de Gaza e coa Flotilla Global Sumud, cuxos barcos van cargados de humanidade, e condenamos esta acción militar de interceptación.

EXIXIMOS:

- Que se paren as atrocidades sobre a poboación palestina e que se xulguen os responsábeis por crimes contra a humanidade.
- Que se abra, de xeito urxente, unha ruta humanitaria por terra e mar para que chegue a axuda humanitaria á poboación de Gaza, para poder paliar a súa precaria e desesperada situación.
- Que a tripulación da Flotilla Global Sumud sexa tratada con máximo respecto e sexa posta en liberdade de xeito inmediato e incondicional.

Reivindicamos do mesmo modo o dereito de retorno á poboación palestina, a plena autodeterminación do pobo palestino do río ao mar, o fin da ocupación sionista das terras palestinas e sirias, o desmantelamento do muro e o final do apartheid sionista. Consideramos que o pobo palestino ten o dereito a exercer a todo tipo de resistencia, incluída a armada, na súa loita contra o xenocidio, o colonialismo e a ocupación sionistas.

Seguindo o apelo da maior coalición da sociedade palestina, o Comité Nacional do BDS, chamamos a boicotar as marcas cómplices co xenocidio e a demandar sancións e desinvestimentos para o rexime sionista xa.

Facemos un chamamento a todas as galegas e galegos para que estean alerta cos ollos postos na Flotilla para seguir os acontecementos e reaccionar ante un empeoramento da situación para as compañeiras en mans das forzas sionistas de ocupación.

Seguiremos mantendo toda a nosa atención sobre o que está pasando na Palestina e seguiremos mobilizándonos contra o xenocidio deste pobo, exemplo de valentía e resistencia.

DESDE O RÍO ATÉ O MAR PALESTINA VENCERÁ